

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do
27/09/1962**

Colección:

Data: 27/09/1962

De:

Ramón Otero Pedrayo;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Ourense (municipal), Ourense (comarcal), Ourense (provincial)

Destino:

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Ramón Piñeiro;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do 27/09/1962

Ourense 27 de setembro 1962
Sr. Dn. Lois Tobío
Montevideo

Meu querido e lembrado amigo e irmán:

Unha aberta calada e fonda, unha das meirandes e verdadeiras do meu vivir vai para Vde nista folia. Estaba en Santander cando chegaron os dous volumes. Falóume deles Ramon Piñeiro con grave entusiasmo. Fai dous días camino por eles. Corro polo Valedouro ou a Mahia. O peito alenta en ámpito estenso; saia de pazo, cráustro, paisaxe, ría. Medrou un soute oután. Fai pequenos os demais matos e arboredas .. Inda non podo facer unha estimación ouxetiva. Soio testemuñar miña ademiración e respecto diante a laboura de Vde para canto no arenal e peiraos do seu traballo e entusiasmo que os dous navios saíran o mar.

Un novo tempo na historiografía de Galiza. Un libro, dous, non do ano. De moitos anos como autoalidade. Algo de menhir ou castro ondeador de infinidos remuíños.

Houbera gostado millor que a miña parte levara o tíduo do que é: Introdución xeográfica. Mais o terlle avisado decatárase deseguido. Non deixa, quezais, de ter un senso o feito de ter nado os tres autores cada un na súa xeneración, nun seitor curto de ¿? da Paz, de Ourense, a menos de 15 metros os berces mais derriados un do outro.

Saudos na casa e ós amigos. Sempre o vello irmán agradecido, emocioado,
Ramon Otero Pedrayo [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.